



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa aos reiterados cortes de luz que se producen en Mogor (Marín) e ás medidas que se adoptarán para mellorar a calidade da subministración eléctrica.

Novo corte de luz que afectou a Mogor e parte de Marín (A Laxe), neste caso o pasado 24 de xaneiro, e por espazo de aproximadamente trinta minutos. Como ven denunciando insistentemente o BNG non é de recibo tal reiteración na interrupción da subministración eléctrica, tendo agora como novidade que estes feitos se producen tendo xa rematadas as obras de soterramento dunha liña eléctrica alternativa en Bagüín (Mogor), iso si, con ano e medio de retraso.

Existen, daquela, outros problemas non resoltos que afectan á subministración eléctrica e que teñen como vítimas ás veciñas e veciños de Mogor. O Xefe Territorial da Xunta de Galiza na provincia de Pontevedra, xunto coa alcaldesa de Marín afirmaba que, após o soterramento da liña xa indicada, non se prevían novas actuacións de mellora.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cales son as razóns do corte de luz que afectou a Mogor e parte de Marín o 24 de xaneiro?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 13:53
Nº Rexistro: 77115
Data envío: 02/02/2012 13:53:21.142

2.^a) Prevese adoptar algunha medida para que feitos deste tipo non se volvan producir?

3.^a) En caso positivo, en que consistirá, e en que prazo se fará efectiva?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 02/02/2012 13:52:27